



**PREGUNTA SOBRE O PROCEDIMENTO PARA A CONSTITUCION DE PATRULLA/S DE LIMPEZA EN COIRÓS**

No presente mes puidemos ver circular por Coirós un vehículo municipal con persoal que, por informacións externas, parece formar parte dunha patrulla de limpeza.

Posto que non consta información pública do procedemento seguido para a constitución desta patrulla preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito e diante do Pleno:

- 1- Existe unha patrulla de limpeza no concello de Coirós? Desde cando? Se a resposta fora negativa, qué é logo ese equipo de persoas que están a utilizar o vehículo municipal?
- 2- Cál foi o procedemento para a súa constitución? Qué tipo de contrato teñen as/os axentes? Por canto tempo?
- 3- Fíxose algunha convocatoria pública destas prazas? Cómo foi publicitada?
- 4- Cántas persoas presentaron a súa solicitude? Qué formación deberon acreditar e/ou qué tipo de probas deberon superar? De qué xeito foron avaliadas as distintas solicitudes e ónde foi publicada a lista de admitidas/os e rexeitadas/os?
- 5- Cáles son as competencias deste equipo?
- 6- Con qué medios materiais conta?
- 7- Con qué medios económicos se financia?

En Coirós a 11 de xullo de 2011

Asinado: Pura Ferreño Saia  
Voceira do BNG no concello de Coirós